

JOSÉ FERNÁNDEZ Y NEIRA: PROEZAS DE GALICIA (1810)

PG(10)

José Fernández y Neira (1810): *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote*. Coruña: Imprenta de Vila. Consérvanse dous exemplares desta primeira edición no Museo de Pontevedra (F. Gal. 804 / I núm. 50 e, ademais, Col. Casal XXVIII-D) e outro máis no Fondo Martínez Morás da Real Academia Galega (folleto 02.14.5.3.3 e microficha R.21627). Existe unha edición facsímil: José Fernández y Neira (1984): *Proezas de Galicia*. Editado en facsímile, con Limiar de Carlos Martínez Barbeito. Pontevedra: Bibliófilos Gallegos.

Andrés Martínez Salazar reimprimiu as *Proezas* en 1893: José Fernández y Neira (1893): *Proezas de Galicia explicadas bajo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote*. Reimpresas por A.M.S. e ilustradas por R. Navarro y U. González. A Coruña: Andrés Martínez, Editor (Biblioteca da Real Academia Galega, signatura 4249; Biblioteca da Fundación Penzol, C - 21 / 29; Biblioteca Pública de Pontevedra, T.U. 283; Biblioteca do Mosteiro Mercedario de San Xoán de Poio, 88-8-1, 99-7-1, R.S. 1-7-3). Nesta reimpresión Martínez Salazar, "usando [...] del derecho que todo el mundo tiene para escribir el gallego según mejor le parece" (p. 18), introduciu na obra de Neira unha ortografía fonética, moi querida para el, que o levou a prescindir dos grafemas <c>, <h>, <j>, <k>, <v> e <y>, a suprimir apóstrofes e guións e a modificar a acentuación, puntuación e separación de palabras do orixinal. Indicar todas as variantes que esta remodelación acarrexou sería prolixo e ademais inútil, pois nada de proveito achegaría ao establecemento dunha versión autenticamente fiel ao orixinal de 1810.

Cf. tamén Iglesia (1886: I, 203-204), Cátedra de Lingüística e Literatura Galega (1976: 13-16) e García Negro / Gómez Sánchez (1996: 15-19).

AUTOR E CIRCUNSTANCIAS

José Fernández Neira naceu na Coruña en 1790. Era empregado da Fábrica de Tabacos da Coruña e fuxiu da cidade en 1809 cando entraron os franceses. Loitou contra os franceses en distintos lugares de Galicia. Ferido en campaña, incorporouse á administración galega, como oficial da Xunta de Galicia. Liberal exaltado, exiliouse en 1814. Retornou en 1820 e a Xunta de Galicia encomendoulle delicadas comisións como a liquidación das rendas da Inquisición, ocupación das temporalidades do arcebispo por abandonar a diocese, ocupación e administración dos bens dos realistas fuxidos. En recompensa, a Xunta nomeouno oficial primeiro da

Deputación Provincial da Coruña. No ano 1823 foi depurado e suspenso de emprego e soldo ata 1825, ano en que volve ao seu posto na administración de facenda.

Proezas de Galicia é unha obra propagandística e de exaltación patriótica. Polas esaxeracións, pola ausencia de ponderación e medida, non pode ser considerada unha crónica histórica da Guerra da Independencia. O seu mérito radica só no feito de estar escrita en galego.

1 <1> PROEZAS
DE GALICIA,
EXPLICADAS BAXO LA CONVERSA-
5 CION RÚSTICA DE LOS DOS
COMPADRES
CHINTO Y MINGOTE,
POR D. JOSÉ FERNANDEZ Y NEYRA,
Oficial que ha sido de número de la
Secretaría de la Junta Suprema del
10 Serenísimo Reyno de Galicia, y ac-
tual tercero de Contaduría de
la Real Fábrica de Cigarros
del mismo.

CORUÑA MDCCCX
15 EN LA IMPRENTA DE VILA.
Con licencia.

<2> *Omnia vincit labor.*

<3> PRÓLOGO.

20 Si mi corto talento, y pequeña instruccion se presenta á tu vista,
lector amado, para graduar de poco mérito esta obrilla, te ruego muy
encarecidamente tomes esto mismo en consideracion para dispensarme los
defectos que notares. Las noticias que he tenido, y lo que observé por mi
mismo quando despreciando las comodidades de mi casa, y los
emolumentos de mi empleo he abandonado todo por no estar baxo el
25 infame yugo de los franceses, y transité la mayor parte de Galicia para
presentarme en el Ejército del Excmo. Sr. Marques de la Romana, como lo

he verificado; han sido para mi el estímulo mas grande que me ha obligado á referir baxo una conversacion rústica una pequena porcion de la multitud de echos héroicos que hasta ahora ignoran muchas personas, y harán eterna la gloria de mis caros compatriotas los Gallegos. Me lisongo de haber sido
 30 <4> exácto en la relacion de los hechos y sus circunstancias, aunque he omitido por varias consideraciones nombrar los pueblos y señalar los sugetos; pero luego vendrá el dia en que puedan marcarse todos estos héroes para admiracion y modelo de la posteridad.

35 Presta pues con gusto tu atencion, lector amado, y conserba siempre en tu memoria tan grandes proezas, para imitarlas como debe todo buen español, mientras yo me congratulo con la satisfaccion que recibirán los que han tenido parte en tan héroicos sucesos.

ADVERTENCIA.

40 *La diversidad que se observa en la pronunciacion y significacion de terminos en cada una de las siete Provincias del Reyno de Galicia, me ha precisado á omitir muchos, que ciertamente no se entenderian, y solo me valí de aquellos mas claros aunque del país, á fin de que con la mayor facilidad puedan todos comprender su lectura.*

<5> *CONVERSACION.*

45 *Chinto.* ¡Dame meu querido Mingote, dame ese abrazo para min tan deseado nestos cinco meses que fai que nonos bimos!

Mingote. ¿Como che podrei negar amado compadre ese abrazo, si pensei que entoda à miña vida para min abia consolo hasta que te non vise?

50 *Ch.* ¿E cómo che foi por acá con esos diabros de esos Gabachos?

Ming. Ome nonme fales deso, porque se me encrechan os pelos da cabeza solo en pensar nas cousas que fixseron. As de saber que carta feira da primeira semana de Frebeiro chegaronche á este lugar vinte è catro ¿qué eu inda dudo aora si eran omes? porque che trahian na cabeza por sombreiros ùn-as da quelas que son coma as bacias da feitar que teñen os barbeiros das Vilas de laton, è logo ninche sey si era cola de besta, ou rabo de <6> boy ò que trahian colgando nelas, porque asi como chos bin escapeiche para ò monte, aunque despois bolbin.

Ch. Pero....

60 *Ming.* Agarda un pouco que che bou á decer ò que fixseron. Dempois
que rexsistraron todo, colleronche as galiñas que puideron, repelaronchas,
derreteronche nùn-a caldeira canta graxsa è pingo encontraron, è
meteronchas ali, desorte que se pasaron è coceron sei que mais cá manteiga,
65 sin botarlles miáxa de auga, è correndo banchese à bodega, abrironche as
pipas, è sacaronche cheos de viño os caldeiros è olas, deixsando abertas as
villas, de maneira que todo ò viño se foi pola bodega; desque sopetearon (que
os sopetee Satanás) todo ò dia, foronse à graneira, è sacaron en cestas todo ò
trigo è centeo que lles dou à gana, è ceibaronllo diante os cabalos: ¡ah!
faltabacheme decir que para facer ò lume partironche as uchas è tabo-<7>retes
70 todos, de sorte que abia ùn-a fogueira que non deseaba eu sinon belos nela.
Asi que anoiteceu bolbenche à poñer ò lume os caldeiros con viño, è cando
eu pensaba que seria para bañar os cabalos, è mais à eles ¡bin morte que me
deixsou! que me deron cò mel, è botaroncho todo rebolto cò viño, è dempois
beberon da que lo hasta que ò dexsaron de sobro.

75 *Ch.* E ti non....

Ming. Ome cala, que eu che contarei por punto è coma ò que pasou.
Cando pensei que se deitasen, bexso que me agarran, è que xsuro à Dios lles
abia de traer ali *Piculinas*: amin que me abian comido todas as galiñas (que
esto crehin querian decir) fixsenlles señas (porque esto de tratar con xsente
80 que non fala como os christianos, xsa ti me entendes ò traballo que è) que non
tiña mais ¡quen tal lles dixso! pegaronme ùn-a soba, que nin aquelle deron à
Christo: à la dempois que mo acabaron de espricar <8> por señas, (que
sempre eu pensaba que eran diabros porque che facian ùn-as caretas como ti
xsa verias) por berme libre deles, dixsenlles que lles iba buscar as Piculinas
85 ¿pero non sabes ò que fixsen? bendome xsa sin cousa ningù-a, è que cando
asi comenzaban coas felecedades que decian, que tal seria ò ultimo;
xsunteiche us cantos veciños, è cando estaban mais desprocatados (¡baya
pareceme que estou na festa!) entramosche na casa, è á un por un lles fomos
cortando as cabezas ¿que tal non fixsemos ben?

90 *Ch.* O mesmo que si un Anxsel bolo dexsera, ¿è os cabalos?

Ming. Eses coma seus compañeiros, tamen lebaron ò mesmo camiño: desde que acabamos, collemosche todo, è poñemolos en carros para lebar ò rio. Cando che estabamos celebrando esto, oimosche ùn-a bocina, ou trompeta; bolbemos à cara jè vimos! tantos soldados que trahian nus paus ùn-as paomas
95 cos brazos abertos. Botamosche à fux-<9>sir, para ò monte è eles tras nos; pero no nos colleron, mas lebaron todos os bois è carros cargados, è puxseron lume à casi todo ò Lugar. Nosoutros que andabamos como ò paxsaro de seca para meca, logo que soupemos que se foran, bolbemos para ó Lugar, è bimos chegar un amigo noso, que se xsuntou cun Frade que tiña corenta è nobe omes xsunta
100 Ourense, è contounos que abian feito tres descargas contra ò Exsercito de Sul, è dempois que lle mataron us poucos dos seus ladrois, que asi lles chamo, è ei de chamar, é se retiraron para outra parte ¿ti bes como brua un xsabalín cando se be acosado dos càs? pois asi dice que che bruaba, è pateaba ese Sul, è que falaba “Une Fraire con cinconte omi tenibii el atreviman de facer frent aun
105 exsercite vitorioso, como el de moa: esti seti farsa futre, è de afusilé tuti.” Pero que burro è ome, coma si lle abian de pordiante, ninlle abian de ter medo. Estubemos-<10>che, ome de Dios è Maria Santisima, nobe dias sin ber mais gabachos, aunque tiñamos noticia, que en tal parte bulrraran as mulleres de fulanos, que aculà puxseran fogo as casas, è lebaran ò gando, è as bestas,
110 matando tantos nenos, que ali afusilaron estes, è aquelles omes, é enfin todos os dias oiamos campanas, que este foi ò albitrio que se tomou para que cando biñesen fuxsise à xsente para ò monte. Un dia de madrugada bemos chegar un Cabaleiro, que cuidamos que biña fuxsindo, como todos os dias chegaban Frades, Cregos, Señoras, nenos &c., cando nos ben coa embaixsada de que no
115 nos fosemos do Lugar que chegaban Franceses, sin que fixsesen à ningun mal, è que do contrario queimarian as casas !quen tal oyeu! amarramoscho, fixse moslle decir à confesion, è logo dimoslle pasaporte. O anoitecer chegaronche outros vinte è dos diabros das colas, pedendo racions para os compañeiros: meu compa-<11>dre ò Xsuez foise à casa do tio Cristobo, è dixsolle: “Ome teño na casa esta noite vinte è dos Dragós, non hay comodidad para tantos, si me fixseras ò fabor de aloxsar na tua casa algus estimariacho,” è dixsolle Cristobo ¿si ome, si, mandame os que queiras, aunque sean todos? O Xsuez mandoulle catorce, admeteunos con moito agrado, doulles de cear ó que quixseron, è tamen de beber, è eles loucos decian “ser bon Patron, ser bon
125 Patron.” ¿Pero non sabes ò que fixso Cristobo?

Ch ¿È que fixso?

Ming. Como nonche tiña na casa si non aquilo mas preciso, foise à eira, trouxsoche para facerlles as camas toda à palla que tiña, è dempois que estaban durmindo, pegouche fogo à palla, è él escapou deixsandos fechados.

130 El è verdad que quedou sin casa, pero botou de conta que si dempois lla abian de queimar eles, tibo ò gusto de que ardesen nela. ¡Vallame Dios <12> que gusto todos tiñamos ò ber desde lexsos arder à casa, relinchar os facos, è gruñir os diabrillos de dentro! O resultado foiche, que os catorce ficaron, é os oito da casa do Xsuez tamen pereceron alá de noite, ¿queres creer que despois non beu

135 mais ningun à este Lugar anque pasaron por cerca? Pero tí pensarás que non fixsemos mais nada (jò que te engañas!) Douchese en reunir à Paisanage mandada por algus Cregos, è particulares, è ibamosche ò camiño real, eùs poucos poñianse tal como daqui un quarto de legua, è si era pequeno numero de Franceses deixsabamolos entrar, è os da diante empezaban ò fogo, è mentras

140 ibamos outros por detras, è empezabamos à gritar como nùn-a montería, *rendibú, rendibú*, è coma eles bian tanta xsente, tiraban de armas, è poñianse de rodillas para que no nos matasemos; pero aunque foran os que foran todos nos parecian nada à sede quelles tiñamos. Nùn-a ocasion <13> entre eu è outro, estubemos axsexsando para un Frances que biña solo polo camiño, anque atras

145 ò seguian moitos mais, obserbamos que mirou aùn-a parte è à outra, è que se deitou, è nos fumonos agachadiños à rentes do balo, è saltamos dun golpe sobre del, que cando quixso recordar xsa se encontrou sin fusil; amarramolo ben, è subimolo à un cerro, è mentras que ò meu compañeiro ò escabechaba, fun aber si biñan mais, òu que rumbo tomaban, cando oio ò meu

150 compañeiro, que me decia ¿Mingote, Mingote, cata aquí que dice este demonio? bolbin jè que decia! estabache co as maus lebandadas¹ gritando “seti Aleman, seti Aleman christianus,” es dentonces espriqueille ò meu compañeiro que decia que era Aleman, è él dixsome ¿è que xsente è esa? respondille eu son os compañeyros dos Fra[n]ceses que beñen à axsudalos; è salta ò meu

155 compañeiro, (baya que me dou ùn-a gana de rir) ¿esos son os <14> que eu busco? pois xsa que è Aleman que diga ò credo, que si fora Frances, nin astra eso lle deixsaba, porque xsa estan condenados. Acabado esto notamos cos que biñan atrás se dirixsiron ò Conbento de Tenorio, din recado os xsefes, xsuntámonos, é fomonos alá, è collemoschos coma ò rato na rateira, porque

160 anque fixseron fogo, arroxámonos con tal furia à eles, que nin un escapou.

1. No orixinal *lebandas*, corrixido para *lebantadas* na fe de erratas da páxina 54.

Ch. ¿E donde tiñades as municions para todo eso?

Ming. Un-as sacabamolas os Franceses, è outras dabannolas nos Portos de mar aquelas boas almas dos Ingreses, que Dios lles faga tanto ben como eles nos fixseron. Dempois que dimos en reunírnos à catro mil omes, è mais, porque
 165 ò mismo era oír á campana concurriamos coma as moscas ò mel, dimos na traza de facer cañons ¿è sabes como? colliamosche un tronco de calquera arbol, escababámoscho por dentro cò seu oido, logo <15> poñiamoschelle ùn-as abrazadeiras gordas de ferro, è desta sorte resistia hasta doce cañonazos. Cando asi nos bimos, xsa nin à toda à Francia lle tiñamos medo. ¿Queres creer que tal
 170 foi ò que cobraron os gabachos, que nin por Dios, nin por Xsudás querían subir à montaña, nin pelear cos *Brigantes*, que así nos chamaban à todos? pero con todo eso que burros eran, cuidaban que seique no nos abiamos de ir abuscar aunque non biñesen aquí; el è verdad que non se presentaban, pero ibamos nos à seis, è oito leguas no seu encontro, è cando tiñan que pasar algun-a ponte ¿ali
 175 era à de S. Quintín? porque se armaba ùn-a estralería que nonche digo nada: solo podo asegurarche, que se han de acordar das Pontes de Ledesma, Cesures, Ulla, Bea è outras moitas, è en especial da de San Payo; pero ò noso maior gusto era cando sabiamos que tiñan as raciones xsuntas para lebar os campamen-
 <16>tos donde estaban, irllas à sacar ¿qué tomabamos ùn-as lupandas de mi
 180 alma? è desde que quenciamos ¿à eles que son de Pavia? Ali pillabamos è matabamos catro, acolá colliamoslles un carro de municions, aquí pescabamos outros cincuenta, desorte que tan enfaenados andabamos que nin cuidabamos de semente, nin de nada, sinon pescar è saquear Franceses. Có estas cousas nonche podo ponderar ò medo garrafal que pillaron, porque nin dormían nas
 185 casas sinon no monte, non pasaban por camiño algun, sinque aqueles renequajos, que chaman *Bultixsures* non rondasen un cuarto de legoa os lados, pero ò cabo caían moitos, porque si ò tiro non era nùn-a parte, era noutra; pero nosoutros mais ben nos tirabamos os Dragons que ò mismo era coller un que aber disputas sobre quen lle abía de tirar mais polo rabo de besta quelles colgaba
 190 na quelas que son coma as bacénicas dos Barbeiros.

<17> *Ch.* Esos chamanse Morrións.

Ming. Non quero saber como se chaman, porque para min non teñen mais nome que bacénicas. Pero antes de que eu checonte todo ò de S. Payo, dime ti que biche è fixseches por alá.

195 *Ch.* Eu, como ti sabes, teño dos fillos no Exsercito, è que me
 acababa de morrer à miña muller, por non estar nesta escrabitud dos
 Franceses, tratei de irme xsunta eles, que tuben noticia estaban en Ourense,
 ò chegar cerca dali bin que toda à xsente fuxsia decendo: que beñen, que
 beñen, non deixei de facerme de cargo quen serian. A noite funme cùn bõ
 200 ome que me lebou consigo, è achamos na sua casa tres Franceses con tanto
 ribete branco pola chaqueta, è ùs bigotazos retorzidos, que tan lexsos de
 asustarnos, enfundianos coraxse ¡pero si os biras abrir è cerrar as lacenas è
 uchas, è rexsistrar todo! nonche parecian sinon que eran amos; non sey ò
 205 quelles <18> quixso decir ò dono, que ò agarraron, sacaronlle à chaqueta,
 zapatos è botis, facendo decontado ir à fonte descalzo, è chobendo,
 decendolle mil pestes, y que tuti ser dellos. ¿Pero ti cuidarás que amin me
 deixaron? ¡busca! ¿tamen corrin igual sorte? Biñemos da fonte, è pensando
 que xsa abiamos acabado à comision, bimoslles ceibar à auga os cabalos que
 210 nonlles chegou à media merenda, è que nos fan bolber à ela, como fumos mais
 de oito veces, è eles mentras enchendose coma porcos de pernil, castañas,
 galiñas, è todo ò demais, é como por aquela terra hay pouca leña, queimaron
 toda à madeira das divisions, deixsàndo rasa à casa.

Ming. Eso nono estrañès, que segun dempois soupem, era porque ò
 fume non marchitase aquelas pelras asquerosas.

215 *Ch.* Como digo de mi cuento, desque se emborracharon, deitaronse
 á larga, e nosoutros fumonos <19> para fora à falar destas cousas, è das
 felecedades que nos prometian, cando bimos baixsar un soldado disperso
 aquen lle contamos todo ò que pasaba, è él dixso: “xsuro à Deus que eses non
 han de ir resucitar à Paris.” Entramos caladiños na casa todos tres, è
 220 botamonos sobre deles, que nin siquera os deixsamos folguexsar: tratamos de
 rexsistrarlos, è encontramoslle moitos calis, patenas, relicarios è outras cousas
 de Iglesia emboltas en follas de Misales è escrituras, que dempois se
 restituiron; atamos os cadáveres cos cabalos, baixsamolos ò Rio miño, é ali
 ¿tumba con todo? que seique foi à pirmeira bisita, anque ò lexsos oimos ùs
 225 ayes, que parecian de algun que iba à probar à mesma fortuna que os nosos
 tres, è segun dempois soupemos, foran once, que noutro lugar apiolaron
 aquela mesma noite: bolbemos à casa, è pola mañan temprano tocaron un
 clarin, è foron à cha-<20>mar polos tres, è contestamoslles muy serios, ya
 salir, ya salir, hay une ore; eles contodo eran pillos que belberon à mirar

230 segunda vez. Como por alá fixeron as mesmas cousas que por acá, è ainda mais, que pedian diñeiro de contribucion, è derramaban todo ò biño, deuse en xsuntar à xsente rabiosa coma serpentes por baixso de corda, que facia neles ùn-a fiteira tremenda.

Ming. ¿E ti logo non siguiche?

235 *Chint.* Si, ome, tomei ò camiño de Monterey, è ò chegar cerca dali tiben noticia que se acababa de dar un ataque polo Señor Romana, è que por ser moitos os Franceses se retirará á Portugal, polo qual tiben que dar à bolta; ¡pero que gusto era cando se esparcian os gabachos que iban de camiño po las casas dos Paisanos, que anoitecian è non emanecian! eu digoche aberdad, que
240 moitos eran os que mataban. Dempois tratei de birme ò Ribeyro, que decian non abia Franceses ¡ali <21> nonche digo nada! porque lles deron ùn-as entradas por tantas veces, que sirviron de minorarlles en gran parte ò numero, è de collerlles moita prata è boas cousas: ¡non quererás creelo!; pero eu bin polos meus ollos algùn-as mulleres acabando de matar os gabachos, cos
245 maridos deixaban tendidos à medio morrer, ¿è ùn-a ome? quelle deron à noticia de cò seu marido abia morto nun ataque, ela mui resolta dixso; “quixsera ter tamen un fillo para que dese asua vida pola Relixsion, è pola Patria, acabando co esas langostas.” Tiben noticia cò Exsercito se biñera de Portugal, è que se dirixsia à Villafranca: boucheme ali, è en efecto encontricho,
250 pero nonche chegaba à mil omes, è eso desnudos, descalzos, è sin municions ¿pero quenche dixso ati que por eso estaban cobardes? ò contrario, que apesar de que abia en Villafranca un Rexsimento, composto de nobecentos è tantos omes, è todos cun-as bar-<22>bas largas coma os Capuchinos, porque dicen que eran da guardia de honor de Napoleon; foronse è escolleronche us poucos
255 da queles soldados bellos, (cos mais eran bisoños) è nun dacame acá esas pallas, de tal sorte os dispuxeron os Señores Mendizabal è Pol, que encerraron dentro do castillo os Franceses, è logo como che hai ali ùn-as bocas calles, mandaron asomar à tropa por todas elas, è como biron esto os gabachos, è que selles disparou un cañonazo cùn-a bala da doce, (porque non abia mais prebencion) pensaron que era un gran Exsercito, capitularonche, é entregaronchese prisioneros; pero cando eles souperon apouca xsente que eramos, è que non tiñamos municions, creo que se sacaron de rabia as barbas largas, con que parecian à aullar diabros predicadores, è que quixeron que non, foron andando para Asturias, à embarcarse prá ó Ingres.

265 <23> *Ming.* Ti as de saber como foi ò conto da bolta dos Diputados.

Ch. ¿Toma si osey? como que me encontrei nela, ó principio è este: Cando biñeron acá (que nunca chegaran esos enemigos) deron en irse esparcindo hasta à Pobra de Sanabria, Fonsagrada, Buron è outras partes, è como estas son ùn-as montañas ásperas, pouco è pouco bendo as suas
270 maldades que son xsenerales, trataron de ir escabechando neles, de maneira que chegou amatanza à tanto que se xsuntaron os da cà de Samos, Triacastela, Neyra de Rey è outras partes, è ibanse ò camiño real que bay da Coruña para Castilla, è ali cantos iban, è biñan fosen correos, fosen Franceses facianlles cortesias de fusil. Dempois que xsa se fixseron con moitas armas è municions,
275 pardiez, banse arriba de Cruzul donde os gabachos tiñan almacenados mil è tantos fuis, colleronos è repartironos entre elles, de maneira que xsa se xsuntaban à tres è ca-<24>tro mil omes, armando disputas porque todos querian bir. Como esto era diario, porque us remudaban outros, nonseche escapaba ùn-a rata: bimos que un dia de niebla po la mañan asomaban ùs
280 Coches è caballerias con ún-a escolta de Franceses ¿pegamos có elles ira de Jesus? por mais que adiantaban para abrir paso, non facian nada, porque cando iban diante, dabamos nos abolta pordetras; e bendo eles tal granizo de balas que caía nos Coches, è en todo ò camiño, tomaron á determinacion de bolberse à todo escape para atrás cò rabo entre as pernas, deixsando por
285 reliquias algus cáda veres, è outras cousiñas.

Ming. ¿E ali tocaban as campanas para saber cando eles biñan?

Ch. Non, que ali trazaronche outra cousa millor. Comoche abia abanzadas de paisanos en todas partes as alturas, cando sabian cos diabrillos biñan, encendianche us fachucos de palla, è erguianchos <25> nus paus altos,
290 è dùn-a noutra altura faciase esto con tal presteza, que no espacio dùn-a ora sabiachese no contorno de cinco è seis legoas, è co esto prebeniachese toda á xsente, enterrando primeiro ò que podía, è logo ibase á reunir os puntos señalados. E cando che biñan mil ou dos mil Franceses, è os nosos Paisanos eran poucos, estabanche agachadiños, è ò millor da conta ceibabanlles ùn-a
295 boa descarga, è fuxian para outra altura, è eles decontado botaban à correr para ò monte, è encontrabanchese co bento, (¡pero quen os bia rabiar!) decianche eles: “ò futre dele leñe de la montan salite vali, muchi vali; tuti France estar perduti, muchi Brigan, muchi Brigan,” è desta disposicion che

300 estaba toda aquela terra, cando ò noso Exsercito baixsou por ali para recoller
 xsente, è engrosarse. Neste estado quixsen bir à dar ùn-a volta acá ¡pero non
 sabes ò que pasey! à todo bicho viviente que tran-<26>sitaba prendiancho os
 Paisanos por espia, è si conocian nel à mais pequena sospeita, decontado ò
 mataban; (jeu à berdad alabolles ò feito, porque che abia è hay moito picaro!)
 305 pero anque fose un que xsustificase ser bo Español noncho deixaban pasar,
 hasta leballo amarrado coma un Christo os xsefes, è estos tamen che procedian
 con moito escrupulo co eles, sin respetar charreteras nin galons.

Ming. Eso tamen por acá faciámolo ò mesmo, è foinos mui bo, que
 por moitos papeis, è correos que pescamos soupemos os seus prans.

Ch. Chegueiche por fin ó Riveyro, è acheiche naquel campo do
 310 Carballiño ¿tanto paisano reunido que non podo figurarche? è todos xsuntos
 alegres coma cucos, guiados por Cachamoiña, Munin è outros particulares, è
 Cregos, tomamosche ò camiño de Vigo, donde abia outros tantos gabachos
 como en Villafranca, è asi que eles biron tal caterba de xsente, encerraronse
 den-<27>tro, que nonlles faltaba mais que poñela nos calzos: (xsa ti me
 315 entendes) con todo apesar de que selles entimou à rendicion, non quixeron
 sinon facer fogo; pero colleu un machado Cachamuiña, é empezou á derribar
 con outros á porta, esdentonces capitularon; entramos dentro, sacouselles
 todo, è entregaronse ò Ingres; pero ò chiste foi que biñan 400 mui frescos de
 Tuy para reforzar os de Vigo, è pegamos con eles, desorte que tamen caeron;
 320 mais dempois foron os nosos à darlles² tentatibas á Tuy que sinon fuxsiran os
 que ali abia para Portugal tamen caian. Non quero decirche nada da nosa
 fachenda, è entusiasmo, è moito mais desde que ò Ingres nos³ dou armas è
 municions, ese empezaron à facer Rexsimentos, porque che era mui grande.
 Aqui tratey de deixsalos.

325 *Ming.* ¿E adonde te fuches?

Ch. Bolbinche xsunta os fillos, è ò chegar aun lugar soupem que aben-
 <28>dose aloxsado na casa dum Crego dous Dragós entraron nela ò tempo
 que ò patron non estaba ¿pero baya que non adiviñas ò que fixseron? bironche

2. No orixinal *darlle*, corrixido para *darlles* na fe de erratas da páxina 54.

3. No orixinal *non*, corrixido para *nos* na fe de erratas da páxina 54.

ùn-a paxsareira con canarios, abironche á porteliña, esdentonces
 330 escaparonseche todos, è tan pronto beu ò Crego dixseronlle “Pastor le petit
 que estar prisioner, bù.. bù..” que è ò mismo que decir boaran; pero ò bo do
 Crego disimulando ò sentimento que lle causou, contestoulles “no importar,
 no importar”, mais dixso para consigo, tamen vosoutros abendes de boar para
 ò inferno: (¡meu dito meu feito!) douchelles ben de cear, fixsolles à cama
 335 separadamente, è alá de noite cando estaban roncando coma os porcos, pegou
 co eles acompañado do criado con tal disimulo, que dentro de pouco fixseron
 boar os dous para resucitar no París de Lucifer; sacoulles ò diñeiro que tiñan,
 é os corpos coas sillas dos cabalos è roupa, ceibounos nùn pozo. Noutro lugar
 ta-<29>men che entrou un Frances nùn-a casa veu ùn-a costureira boa moza,
 340 è decontado empezou à quecer, formando empeño en que se abia dir à cuxse
 (que che hè à cama) co el: à pobre da rapaza ¡miña xsoya! resisteuse un pouco,
 è baise collea en brazos, è iba el mui teso à bulrrarse de la, cando un mozo
 que lle deran noticia do que pasaba estubo asexsando, è ò tempo que iba
 achegar à ùn-a pouca palla, baise por detras, è cùn-a visarma que lebaba
 345 doulle tan gran golpe na cabeza quella divideu en dous añicos, è dentro
 dun instante toda à calor do Frances bolbeuse en frialdad; enfin siche
 oubera de contar destas cousas nunca acabaria, è asi bou ò asunto. Cheguei à
 Vila de Mónforte, cando neste medio tempo empezan à decir, que beñen
 os Franceses: à Xsunta que abia, eos prisioneros forense para á outra
 350 banda do Sil, è nos que como tibemos noticias do Sr. Martinengo que nos
 <30> defendesemos que biña el para batirse, puxsemos ùn-as cubas, è outros
 atrancos no ponte da Vila, por donde eles segun asua ruta debian pasar
 (parendonos que ò rio nono podian badear por ir grande) è subimos un
 cañon que tiñamos da catro á altura de S. Vicente, è nesta disposicion
 355 agardamolos con moita resolucion, mirando ó mesmo tempo como se iban
 coronando as alturas de paisanos, armados con gadañas, fouces, escopetas,
 machados è outras armas: ali como cousa das sete da mañan ben muy fresca
 á pirmeira abanzada Francesa, è desde que à tubemos à tiro, ceibamoslle un,
 que non deixsou de barrer algus Franceses: è les que biron à resistencia, è que
 360 abia artillería, mandan recado atras, è beñen sobre Monforte mais de tres mil
 enemigos, descargamos outro cañonazo, è bimosche caer ò Comandante dun
 batallon; desde que obserbamos tanto Frances, è nos eramos poucos,
 empezamos tiro bai, <31> tiro ben, mentras cus cantos paisanos estaban con
 fuis facendo fogo na ponte para impedirilles ò paso, è desde quelles
 365 encaixsamos trinta è nove cañonazos, que non abia mais prevenzon, tratamos

de escaparnos polo outro lado ¿pero pilleiche un medo garrafal? porque os grandes diabros nomentras que nos estiveron entretenendo polo lado da ponte, vadearon ò rio, è cercaronos dentro da Vila, mais sinembargo cuidando que de todas sortes acababa as miñas aventuras, puxsen ò corazón en Dios, ¿è pes para que vos quero? peguei à fuxsir, è encontro cinco demos, que estaban 370 ò lado dun camiño por donde eu iba, rexsistrando us carros de roupa, è tan pronto me biron correr, empezaronme por detras à facer (cos diabros llas fagan) cortesias de fusil, è ún-a foi tan cortés que me abreu un-a orella ò medio, pero eu nonche sintin astra dempois que bin caer à sangre, porque os rios, silveiras balos, vi-32>ñas è todo para min erache mel: unime cos Paisanos è conteilles ò que pasara; ena sua compañía estiben dia è medio agardando polo Sr. Martinengo, que nin beu, nin pareceu, è pola conta tibera orden para unirse co Exército, è desque ò soupemos, foise cada un para sua casa ¡pero que desconsolo! ber tanto ome, muller è nenos mortos, porque 380 como selles fixso resistencia, è biron tanto diluvio de Paisanos os Franceses, á todos mataban, è ibanchese os castañales, è como estaba ali agachadiña á xsente, facian ún-a carnicería tremenda, basteche ò decer que en vinte è catro oras que estiveron na Vila, mataron nela, è nos seus contornos mais de mil personas, è puxseron fogo amoitos lugares, lebando os bois è bestas cargados con todo canto acharon, ¡eu na miña vida bin tal, porque pensei que era ò dia 385 do xsuicio! Dempois que soupem que marcharan, bolbin à Monforte para seguir ami-33>ña ruta, pero ainda quedei mais asombrado ò ver entrar ùs acabando de morrer, outros sin pernas è brazos, è outros chorando po los pais, hermanos &c.

390 *Ming.* ¿E que preparativos abia ántes de entrar ali os Franceses para armar à xsente?

Ch. Cando eu cheguei todos os dias biñan mozos da queles contornos è ùs poucos de Oficias que ali abia eran os que enseñaban ò exercicio, è para mantelos xsunto cosque tiña ò Sr. Martinengo, recollíase diñeiro de todas 395 Xsuridicions que estaban libres, è para calzalos è vestilos abiache no Convento de Santo Domingo ùn-a porcion de zapateiros è xsastres traballando baixso à direccion do Prior, è dous Diputados da Xsunta, è tamen che abia un taller de carpinteiros facendo caixas de fusis, è cureñas para os cañois, de sorte que estaba tan ben ordenado, que non parecia si non ún-a Maestranza 400 <34> do Rey, è si nonche biñeran os Franceses, fariase ali ùn-a artillería

terrible, porque se iban aconstruir caños de madeira, como ti xsa me dixseches, è as de saber que ali nonse andaba con chiquitas, porque aqueles berrugos que tiñan moito diñeiro è nono daban sacaballo à Xsunta à forza, è nonche chegaba ali soldado ningun que decontado non se armase è vistise.

405 Pero volvendo ó meu conto, tomeiche ó camiño de Neyra de Rey para dar cos meus fillos, mais acheiche cinco mil farrucos que estaban ali acampados; è eu que xsa tanto medo lles tiña coma ò vento que solo fai ruido, pasei as doce da noite por entre eles, è boteime do outro lado da baixso cò ánimo de chegar à Meyra, donde me dixeron que estaba ò Señor Mahy; pero cando cheguei, xsa este se abia retirado à Pobra de Sanabria, collin ò camiño para ela, è por todas as partes que pasei abia tal <35> entusiasmo que nonche podó espricar, è eso que toda à terra estaba assolada: arribei atempo que xsa viña trasmin ò renegado de Ney, que iba para Asturias, è sime descuido un pouco péscame; pero eu era tan arteiro como él. Xsa ò Exsercito se abia ido para à Fonsagrada,

415 è asi que pola mañan me erguin, tomei ò camiño, è tampouco achei ali mais que ò Parque de Artillería un pouco mais abaixso, donde chaman Buron, è ò mesmo foi velo que me alegrei coma un cuco; tomei ali indagazon, è par diez aseguraronme que toda à xsente estaba nas ribeiras de Piquin jaquí achei tanto ome que nonche digo nada! pero veras ò que me sucedeu: as duas horas beñen os Franceses, è principiase un ataque tremendo donde sahiron ben escamados, porque verás como os colleron: eles coa fachenda que acostumbra baixsaron ùn-a costiña hasta ò rio, è vendo esto <36> ò Sr. Mendizabal, foise por detras è cortounos. Como tiñamos poucas municions, è se estaba ò Exsercito organizando, xsunto con que se viña anoite,

425 determinouse po lo Sr. Mahy temendo malograr à accion, porque eran muy bisoños os soldados, è os que tiñan fuis ben poucos, ò deixsalos, dempois que pagaron en forma ò pato ¿pero ti non crearás ò que che bou à decir? pois teñoche testigos delo. Cando estaban nùn-a ponte facendo ún-a guerrilla enemiga fogo con outra nosa, pasou ùn-a muller fuxsindo, è salese decontado un frances tras dela, è dempois que fixso ò que quixso volveuse para à guerrilla, cuidado que ò vin po los meus ollos, è tamen andar un oficial frances à sabrazos co eles para que abanzasen, porque xsuro abrios temblaban de medo: aora considera que cando coa morte à vista, ofendian à ira de Dios tanto ¿que non farian noutras ocasiones que <37> puidesen?.. Achey por fin os meus fillos è ò Girgorio ferido dun muslo tan contento como si non fora nada:

435 estibenme co eles algus dias; pero erache un alabar á Dios ò ver chover xsente nosa coma moscas, coma que oubó dia de cerca de mil os que biñeron, esto

sin contar cos oficias que chegaban feitos ùn-á miseria, è cando estos estaban
asi mira que seria dos pobres soldados: baya digoche à verdad, parecian tizós
440 de negros, flacos è desnudos ¡mais corazons coma leons! Dali à algus dias
chegaron de Asturias vestuario, municions è catro cañonciños, que fixso vir
con diñeiro ò Sr. Romana è desque se vistiron è calzaron ardian de coraxse
coma Tigres para ir à batirse: doulles este gusto ó Sr. Mahy, è camiñanos co él
ò frente para Lugo: biñeronos os franceses à esperar muy satisfeitos, pero
445 foron tales os pirmeiros encontros que tuberon co à segunda division è <38>
coa caballería, que botaron à fuxsir para xsunto à Lugo, è ali nun sitio muy
ventaxoso para eles como acostumbran fixseronse firmes coa artillería:
chegamos nosoutros à cousa das duas, é chovendo, principian os indignos con
tal fogo vivo de cañon que dun tiro barreron tres paysanos xsuntos ¿pero
450 quenche dixso à ti que se acobardaron? cerraron ò flanco con tal primor que
me rio eu da tropa mais veterana, è quedeime pasmado à tal ver, cando antes
nas marchas á moitos cobardes todo selles iba quedarse à facer as suas
necesidades, è ò ver tal postura, era capaz de desanimar ò millor xseneral,
pero neste acto desengañeime de que aquel aspecto era efecto dos traballos è
455 miseria; dempois que os enemigos fixseron à pirmeira descarga, animados os
nosos polo Sr. Mahy, que diante estaba gritando “viva Fernando Setemo,
Religion y Patria” Amigo arroxamonos con tal fu-<39>ria sobre de les que nin
Lobos nos ganaban, è à presteza con que á artillería maniobraba non parecia
sinon que era divina: véndose asi bulrrados, è que si se descuidan non escapa
460 un, botanche à correr para Lugo coma as Ovellas cando as persigue ò Zorro,
cerranche de portas, è nos rodeamos dentro, en terminos que as nosas
centinelas estaban falando coas deles, dicindose trescentas mil pestes.
Intimouselles à rendicion, pero non quixseron entregarse porque tiñan
trazado ó que bou à contar: Pensando que toda à tropa nosa estaba
465 descuidada, salenche ò terceiro dia de sitiados xsa desesperados con tal
impetu, que à no ser ò noso valor è lixseireza dos xsefes, pode, pode que nos
fixsesen correr; è de repente volvemos à pegar co eles, dandolles tal soba que se
volveron à encerrar dentro co ànimo xsa de entregarse dempois que botaron
un bò granizo de ba-<40>las, que ùn-a fixsolle ùn-a contusion pequena ó
470 Xseneral Mendizabal ¿si viras concurrir Paisanos armados á axsudarnos, è
traer racionns? ¡baya aquel era un pasmo! Esperaronche à noitiña à queimar as
casas dos arrabales con outras cousas, de maneira que non parecia sinon que
ardía à Ciudad, cando neste estado chegou ùn-a espia nosa (que nunca
parecera) decendo que biña Sul de Portugal con doce mil homes, è que xsa

475 estaba cerca, es dentonces coma as nosas forzas eran pequenas (porque non
sabiamos que estaba derrotado da sorte que beu ¿que si non, non escapaba?)
Tratou ò Sr. Mahy de retirarse à Villalba como ò fixsemos, è soupemos que ò
dia seguinte foron ò noso campamento, queimaron as barracas, mataron os
soldados que atoparon cansados, è enfermos, è cometeron outras perrarias
480 terribles na queles lugares. Dempois <41> fomos á Mondoñedo à xsuntarnos
co Sr. Romana, è dali volvemos à Meyra, Samos, Monforte è Ourense, è eles
tras nos coma os cas, sin atreverse achegarse moito. Sahimos à atacar à Sul,
que decian estaba cerca; pero botou à correr para Baldeorras. A este tempo
biñeron à Celanoba os Xsenerales Ingres è Portugues à acordar co Sr. Marques
485 da Romana ò modo de pescar à Sul è Ney, cando neste estado tibemos á
noticia de San Payo, que quero que me contes.

Ming. Bou à eso; pero pirmeiro tomemos un polvo que ainda puiden
gardar con outro pouco nun promo con que socorrin ò meu Grego en algun-as
ocasion, porque os diabrillos cando lle rexsistraron à casa lebaronlle canto tiña,
490 como facian en todas partes.

Ch. Tibeches fortuna, que eu sinon que fose us poucos de cigarrillos
que me tocaron na refrega dos que ceibamos ò Rio Miño xsun-<42>ta
Ourense, que partin cos meus fillos, adoecia; pero volvamos ò conto, que ò
teu polvo alvendoume,

495 *Ming.* Dempois, que como xsa me dixseches, te marchaches de Vigo,
deronse en ir formando Rexsimentos, è recollendo todos os soldados que abia
dispersos; logo presentouse ali un Comisionado po la Xsunta Central, que lle
chamaban Murillo, è era un ome que eu inda non vin outro de mais fídagos que
él, porque fose con moita xsente, ou con pouca, ala iba os Franceses, é tirabase
500 à eles, como os rapaces à froita, como que vendo esto fuxsian de nos coma do
lume, anque non facian nada, porque os ibamos à buscar à Pontevedra, Caldas,
Padron, è cerca de Santiago, mais non se atrebian apresentar diante nos, si non
que fosen miles, è trouxsesen moitos cañons, è metralla.

Ch. Non eso creochó ben, porque estando coma oitocentos durmin-
505 <43>do nun Convento de frades Bernardos, oiron ala de noite tocar ùn-as
bocinas (que xsa sabes ti se tocan os porcos bravos para que fuxsan) é tal
pavor lles entrou, que se levantaron á media noite, colleron os fusis, è botaron

á correr; ven que á verdade esto non debía estrañarse, pois poucos días abia que alá xsunta à Bacelo biñan sesenta de acabalo, è preguntaronlle á un
 510 paysano por donde era ò camiño para Lugo, é él guiounos para donde estaba ùn-a gran braña, co mesmo foi chegar à ela espetaronse de tal sorte cos cabalos, que anque traballasen toda ùn-a mañá inda non sey si sahirian; pero no mentras que sucedeu esto, foise ò bon do Paysano tocou de campanas, xsuntouse à xsente, é pegaron co eles de tal modo que hasta que os
 515 despacharon non pararon.

Ming. ¿Eso supo entendela? fixso coma ò meu veciño Fuco, que abendolle embargado à Xsusticia <44> ó seu carro para bagaxse, foi co él ò sitio señalado, è ali achou ùn-a caterba de ladrois Franceses que lle facian ùn-as carantoñadas terribles, decendolle si era dos brigantes; por último
 520 fixseronlle cargar de prata, diñeiro è outras cousas, è tomou ò camiño mais humildiño que à terra, anque lebaba ò corpo cheo de veneno: desque andubo un pouco, sacou ùn-a navalla do volsillo, è ò descuido con cuidado foi abrindo un saco è quitando diñeiro, è dempois que encheu os petos à seu gusto, botou à fuxsir, deixsandolles carro è bois; pero volvendo ò meu conto,
 525 cando à terra estaba toda así levantada trouxso Dios ò Xseneral Carrera con dez ou doce cañons grandes, è algu-a tropa, è pardiez arreglou à xsente de tal sorte, que xsa dempois era un Exsercito composto, porque se lle presentaron moitos oficias veteranos, è Rexsimentos. Desque así nos vimos co-<45>llemos para Santiago co ánimo de tomar à Cruña tamen: abanzamos
 530 por fin, è entramos en Santiago ò remate dun tiroteo terrible, verdade que si non fora ùn-a Vila aberta como è colliamos todos cantos gavachos è traidores nela abia.

Ch. Pois ne se mesmo tempo que tomastes à pirmeira vez à Santiago era cando nos tiñamos encerrados os de Lugo ¿mira como andaba à festa?

Ming. Como beu Sul de Portugal è Ney de Asturias desque se reforzaron è uniron à xsente, tiñan tramado ò vir à collernos; pero nos que ò chegamos à oler, retiramochenos para S. Payo, è eles tras nos, è de todas as barcas que abia fixsemos ùn-a Ponte, porque à antiga estaba cortada, è desta forma se estubo à xsente embarcando toda à noite, tocando à gaita è
 540 divertindose no mentras que nún-a encuberta se colocou toda à artillería. O día seguinte pre-<46>sentouse Ney coà sua division, è empezamos nos tal

fogo de cañon que barria neles que era un gusto, mentras que por outra parte ùn-as lanchas que lle chaman cañoneras tamen zorregaban balas nos Franceses, que era un primor; nosoutros que nunca tal nos abia sucedido, porque nas refregas que tiñamos diarias non abia aquel órden, estabamos pasmados; pero à alegría que tiñamos en ver caer franceses, mentras que por outra parte à nosa música resonaba no medio dos vivas à Fernando setemo, facianos olvidar todo canto viamos tocante ò temor, è infundianos à porfia ganas de arroxsarnos coma Leos à eles ¿pero si viras à Ney? espumaba pola boca mais que ò mar, è desque veu que todas as tentativas que facia para pasar eran coma botar ó aire à pólvora, nonlle faltava sinon tirarse un tiro, è á fe que si se detuvera un pouco mais, pode que non fose necesario, por-<47>que dun matamoslle ò cavalo, è doutro tiramoslle ò sombreiro da cabeza, è vendo èl que acusa non era chanza pegache à fuxsir ¡jira de Jesus! ò mesmo que un touro cando ò aferretan, è à sua imitazon ò resto da division fixso ò mesmo, è entonces sairon à acompañalos, è gardalles as espaldas os tiradores dos Rexsementos que abia, è us poucos de Catalans, pero eles marcharon tan agradecidos que non agardaban nada, porque che corrian coma un barco cando hay tempestad, hasta que se encerraron na Cruña.

560 *Ch.* ¿E vosoutros porque nos seguiches para collelos à todos?

Ming. Hay home que nos dixeron lles biña reforzo atras, è que volvian à atacarnos, è asi non quixemos perder à posicion, nin espoñernos; è as de saber que os que nos atacaron eran mais de dez mil, è nosoutros anque eramos doce mil útiles de armas, solo abia catro mil ¡pero <48> ò ver à axsilidad, è ò valor do Xseneral Carrera era un pasmo! è co seu exemplo no nos conociamos à nosoutros mesmos, como que anque se nos presentasen para cada un catro Franceses, tendríamos amenos contestarlles à non ser que biñesen, ó menos media ducia, ¡mira que tal estabamos! Desque eles trataron largarse à toda prisa da Galicia: (que ainda Xsudas nos largue à esta hora) camiñamos para Santiago è Cruña, è os pobres dos habitantes (¡miñas almas!) choraban de alegría, è non sabian ò que nos fixsesen; pero agora asme de decir ¿porque nonlles fostes à cortar ò paso è sacarlles as riquezas que lebaron?

575 *Ch* Cando ò Señor Romana estaba combinando ò pran para eso (que meu amor ben traballou) foi ó picaro de Sul, è tomou as alturas de Larouco è

Baldeorras, único paso que tiñamos, è de tal forma che son que un ome que
 estéa no alto ceibandoche ùn-a pedra <49> derriba ùn-a ducia: ¿è á vista desto
 como abiamos de temerariamente empeñarnos nùn-a cousa en que de
 precision saiamos mal? as ganas no nos faltaron, mais millor foi volvernos,
 580 como ò fixsemos à Ourense, è desde aqui os meus fillos marcharon na
 banguardia para Villafranca, è outra division baixsou à Lugo, de cuyo modo
 se foron repartindo; mais eu hasta que non vin ningun na Galicia non quixsen
 dar à abolta: agora ben, xsa que ti me fixseches esta pequena reconvencion
 queroche preguntar ¿porque deixastes vir à Sul por Ourense, è meterse en
 585 Lugo? ¡desta pilleite!

Ming. Ome non seas burro, è perdona, si foi no mentras que tomamos
 à primeira vez à Santiago, è non sabiamos que tal ome viña ¿como abiamos de
 ir batirnos con èl, è mais traendo à tropa que se decia?

Ch. Si eso era asi, non digo nada; pero non sey coma os da que-
 590 <50>las cercanías nos saludaron nos tránsitos.

Ming. ¿E logo ti inda estás neso? desde á salida de Portugal hasta
 chegar cerca de Lugo donde lles volveron á pasar revista, faltaronlles mais de
 tres mil homes ¡considera ò camiño que levarian!

Ch. Pode ser verdad, porque po la beira da quel Rio Miño, que pasa
 595 por Ourense, non se vía outra cousa mais que cavalos mortos, pedazos de
 sillas, morrions, è hosos, era tal ò cheirume que abia que che bastaba para
 matar à xsente.

Ming. Con todo eso gana de volver acá pareceme que nona han de ter.

Ch. ¡Do demo! pois si de cerca de setenta mil que entraron, non
 600 foron mais que vinte mil en tan pouco tempo, è eso que non tiñamos aquel
 valor que agora, porque estabamos amilanados è sin armas ¿cantos eran
 necesarios desque nos adorna todo? ò menos doscentos mil.

<51> *Ming.* Pero baya que non sabes ùn-a cousa.

Ch. Sabrey sima contas.

605 *Ming.* Que he tal à tristeza que teño desque estou imposibritado de matar franceses, que apenas como nin durmo, è pareceme que si agora tibera diante anque fose un exsercito de les, iba alá decontado.

610 *Ch.* ¡Mira que adefecio! à moitos lles sucede ò mismo, è eu sò un deles; pero por non ver os destragos que fixseron, vale mais que se estean por alá que siquera non sementan aquelas xsudiadas de meter os Cavalos nas Igresias, queimar os Santos, cortarlles as cabezas, levar as cousas sagradas; è en fin, os omes que poñen un cavalo no medio da Igresia nùn-a tumba con fachas ò rededor, cantando coma os Cregos, tocando todas as campanas, è facendo outros escarnios na Magestad de Dios (como sucedeu en Santiago) sin
615 duda non pode menos que deixsar <52> escomulgada toda á terra que trepen.


Ming. Ome è verdad, pero ò acordarme de semexsantes cousas, ò ver os Lugares enteiros è Vilas que queimaron cos demais destragos ¿como queres que me conteña? Con decirche que na Vila de Cé entraron na Igresia, apuntaronlle á custodia, è acertaronlle de tal maneira que buou à Santísima
620 Ostia, levandose en seguida ò viril, ¿esto non è canta xsudiada se pode discurrir è facer? pois todo xsunto ten infundido tal rabia á xsente desta terra, que dará mil vidas, ántes que suxsetarse á menor cousa que toque à francesa, porque temos por feitos infernales as cousas de les.

Ch. Por todas partes estan todos do mesmo modo de pensar. Queira
625 Dios conservémos os mesmos sentimentos, è que sinembargo de que estamos libres non desmayémos, sinon sempre ánimo, ánimo, ¿y à eles que son de Pa- <53>ví? Agora meu compadriño xsa que tiben à felecedad de que te acreditases non ser cobarde, è ser un bõ Español, moito mais te ei de querer. A Dios astra que axsa mais bagar que che ei de contar algunhas cousiñas
630 con que nos queria enganar ò gabacho Napoleon coma fixso alá nesos Reynos do Norte; eu no me pasmo de lo, que como él ten tanta artimaña non è moito que os engañase; ¿pero él biña à nosoutros con eses contos? ¡mal pocadiño que pouco sabia quen eramos os Españoles! Tibera presente alguns romances dos que contamos no inverno xsunto à lume, pareceme que
635 algo lle darian en que entender. A Dios volvo à decer, co demais è conto de nunca acabar; memorias à miña comadre Xsacota è Martiño.


Ming. Pois logo à Dios astra mais ver.

<54> ERRATAS.

	<u>Pág.</u>	<u>Lín.</u>	<u>Dice.</u>	<u>Debe decir.</u>
640	13...	18	Lebandas.	Lebantadas.
	27...	15	Darlle...	Darles...
	Id...	20	Non...	Nos...



José Fernández y Neira (1810): *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote*. Coruña: Imprenta de Vila. [Fragmento].



José Fernández y Neira (1810): *Proezas de Galicia*, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote. Coruña: Imprenta de Vila. [Fragmento].



Escenas da Guerra da Independencia en Galicia de Román Navarro e U. González en José Fernández y Neira: *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote*. Coruña. [Ed. Martínez Salazar. 1893].



José Fernández y Neira en *Album Galicia*, 1908.